



### **MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE VIÑAS E SOUTO**

- 1.- Pavimentación do camiño de Cruz de Moire - Porto
- 2.- Pavimentación do camiño de Buxán
- 3.- Pavimentación do camiño de Aldea de Abaixo
- 4.- Mellora e pavimentación de Pista Becany  
POR UN IMPORTE TOTAL DE 51.565,17 €

### **MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE QUINTAS, PADERNE E OBRE**

Parroquia de Quintas:

- 1.- Camiño Granxa
- 2.- Núcleo Lameira - Vilar
- 3.- Loibo, camiño de Castro
- 4.- Camiño Tras-Velón

Parroquia de Paderne:

- 5.- Pista Cruceiro
- 6.- Pista Cruceiro - N-651

Parroquia de Obre:

- 7.- Camiño Pena - Obre  
POR UN IMPORTE TOTAL DE 34.477,11 €

### **MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE VELOUZÁS, VILAMOUREL, VIGO E ADRAGONTE**

- 1.- Camiño Adro - Tercio
- 2.- Camiño Condós
- 3.- Camiño Cruz de Moire - Tercio
- 4.- Camiño Teixeira
- 5.- Pista de Longra
- 6.- Camiño Torre - Torre  
POR UN IMPORTE TOTAL DE 43.305,69 €

### **INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS**



Buscando mellora-la calidade de vida das xentes de Paderne, o Alcalde realiza as xestións oportunas fronte ás correspondentes Consellerías a fin de que proporcionen subvención para a mellora das infraestructuras municipais; cabe destaca-la solicitude realizada fronte á Consellería de Industria e Comercio para a mellora de instalacións eléctricas por un importe de 37.652 € a fin de dotar de iluminación a varias zonas de Paderne (alumeado ornamental na Praza da Casa do Concello e nos cemiterios de Paderne, Viñas e Velouzás) complementando así a iluminación de tódalas igrexas e cemiterios do Concello.

### **PLAN OPERATIVO LOCAL "1ª FASE DO SANEAMENTO INTEGRAL DO CONCELLO DE PADERNE"**

Inclúe a execución das seguintes obras:

Saneamento en Insua

Saneamento en Souto

Saneamento en Paderne

Saneamento en Paderne de Abaixo

Saneamento ampliación en Sas

Saneamento ampliación en O Barreiro

POR UN IMPORTE TOTAL DE 1.672.755,33 €

### **TRAVESÍAS DE INSUA E PORTO**

Co fin de completa-la dotación das travesías e aumenta-la súa seguridade, César Longo reuniuse cos responsables de Fomento para a elaboración e posterior execución das beirarrúas e os seus conseguintes servizos nas travesías de Insua, porto e Souto nos tramos de estrada que lles afectan.

No que se refire á Travesía de Insua, solicitouse unha solución para a incorporación á aldea desde a N-VI dado que este acceso constitúe un motivo de queixa e preocupación pola súa perigosidade; así a Corporación Municipal propón ó citado Organismo a construción dunha raqueta ou similar que solucione o problema.

### **BEIRARRÚAS NAS TRAVESÍAS DAS PARROQUIAS DE ADRAGONTE, QUINTAS E VELOUZÁS**

Un sector moi importante para o desenvolvemento dun concello é o das comunicacións; conscente de isto e incidindo na seguridade das mesmas, reúnes eco Presidente da Deputación Provincial de A Coruña, Salvador Fernández Moreda e co Deputado Provincial Antonio Lagares a fin de dotar ás travesías de Areas/Adragonte, Costa/Quintas e Velouzás, de todo o necesario para que tanto conducir como camiñar por elas sexa un feito que entrañe o menor risco posible para todos.



As obras que se pretende realizar contemplan tanto a conservación como a seguridade destas vías.

Esto realizaríase en varias fases sendo a primeira delas a de construción de beirarrúas en áreas para, en fases sucesivas, rematar este Plan de Travesías coa execución das obras nas parroquias de Quintas e Velouzás.

### **DOTACIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO ÓS PARQUES DAS ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Obtida a axuda solicitada á Excma. Deputación Provincial de A Coruña, procésese ó acondicionamento das áreas de recreo das Escolas de educación Infantil do Concello de Paderne mellorando e aumentando os elementos de xogo nestes lugares a fin de que os nenos que acuden a estas escolas poidan plenamente dos seus momentos de ocio.

### **REMODELACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO E ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE**

No seu día o Alcalde xestionou a compra dos terreos anexos á Casa do Concello a fin de poder construír neles un Centro de Saúde; hoxe en día este centro é xa unha realidade constituíndo un orgullo para tódalas xentes do Concello. Con gran visión de futuro, César Longo, ó mesmo tempo que a construción de dito centro, foi realizando as xestións necesarias para converte-lo entorno en un lugar axeitado ás necesidades actuais de Paderne encargando ós Servizos Técnicos Municipais a elaboración dun proxecto de acondicionamento da zona.

Estas obras, comezadas en marzo de 2005, dotarán de 41 prazas de aparcamento ós laterais da actual rampa de acceso ó Centro de Saúde, dunha praza de recreo cunha fonte de 5 m. de diámetro con combinación de chorros de auga e luces de cores nun dos laterais da Casa Consistorial, dun parque infantil con elementos de xogo, de mobiliario urbano, iluminación, accesos, pavimentación de formigón ou granito onde corresponda e a plantación de céspede, prantas e especies de árbores ornamentais.

O presuposto total da obra, financiada polo AGADER, ascende a 179.087,56 € e unha vez rematada vai a facer do conxunto un lugar de gran beleza no que, ademais da funcionalidade que lle confire o dispor de suficiente zona de aparcamento, dun parque infantil, de zona de recreo con fonte e todo integrado nun espazo natural con especies de prantas ornamentais, vai a constituir un lugar do que tanto grandes como pequenos van a poder disfrutar.